CA4.6 - Recoñecer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.	Recoñece as relacións lineais e cuadráticas en situacións da vida real e represéntaas a partir da súa ecuación.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.7 - Representar conceptos, procedementos e resultados matemáticos usando diferentes ferramentas e valorando a súa utilidade para compartir información.	Utiliza software específico para a construción de gráficas e como apoio para xustificar os razoamentos dun problema.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Relacións e funcións.</li> <li>- Aplicación e comparación das diferentes formas de representación dunha relación.</li> <li>- Identificación de funcións lineais e cadráticas e comparación das súas propiedades a partir de táboas, gráficas ou expresións alxébricas. Identificación dos seus elementos característicos.</li> <li>- Identificación de relacións cuantitativas en situacións da vida cotiá e determinación da clase ou clases de funcións que a modelizan.</li> <li>- Uso da álgebra simbólica para a representación e a explicación de relacións matemáticas.</li> <li>- Dedución da información relevante de funcións lineais e cadráticas a partir das súas diferentes expresións.</li> <li>- Uso da tecnoloxía para a construción e a representación de funcións.</li> <li>- Pensamento computacional.</li> <li>- Xeneralización e transferencia de procesos de resolución de problemas a outras situacións.</li> <li>- Identificación de estratexias para a interpretación e a modificación de algoritmos.</li> <li>- Uso de calculadoras gráficas e distintos programas para a construción e representación de funcións.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
11	Táboas, parámetros e gráficos estatísticos	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA5.1 - Investigar conxecturas sinxelas de forma autónoma analizando patróns, propiedades e relacións.	Identifica e fai propostas de variables cualitativas, cuantitativas discretas e cuantitativas continuas.	PE	100
CA5.2 - Recoñecer patróns, organizar datos e descompoñer un problema en partes máis simples facilitando a súa interpretación computacional.	Recoñece os principais tipos de mostraxe e organiza datos dados dunha variable continua, agrupándoos en intervalos e construíndo a táboa de frecuencias.		
CA5.3 - Modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz interpretando e modificando algoritmos.	Interpreta e calcula correctamente as medidas de centralización, posición, dispersión e o coeficiente de variación.		



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA5.4 - Recoñecer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.	Interpreta a táboa de frecuencias dunha variable continua e aplica conexións dos datos co mundo real.		
CA5.5 - Identificar conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias recoñecendo a achega das matemáticas ao progreso da humanidade.	Resolve problemas de estatística con aplicación ás Ciencias Sociais ou a Economía e analiza de forma crítica a achega da estatística a esas materias.		
CA5.6 - Representar conceptos, procedementos e resultados matemáticos usando diferentes ferramentas e valorando a súa utilidade para compartir información.	Organiza os datos dados de forma gráfica.		
CA5.7 - Comunicar información utilizando a linguaxe matemática apropiada, para describir, explicar e xustificar razoamentos, procedementos e conclusións.	Elixo a representación gráfica adecuada para describir os datos dados.		
CA5.8 - Recoñecer e empregar con precisión e rigor a linguaxe matemática presente na vida cotiá.	Recoñece información estatística desta unidade recollida en medios de comunicación e outros ámbitos. Emprega a linguaxe estatística con precisión e rigor.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Organización e análise de datos.</li> <li>- Análise e interpretación de táboas e gráficos estatísticos de variables cualitativas, cuantitativas discretas e cuantitativas continuas.</li> <li>- Recollida e organización de datos de situacións da vida cotiá que involucran unha soa variable.</li> <li>- Elaboración das representacións gráficas máis adecuadas mediante o uso de diferentes ferramentas tecnolóxicas (calculadora, folia de cálculo, aplicacións móbiles...) para pescudar como se distribúen os datos, interpretalos e obter conclusións razoadas.</li> <li>- Inferencia.</li> <li>- Formulación de preguntas adecuadas para coñecer as características de interese dunha poboación.</li> <li>- Diferenciación entre poboación e mostra en problemas contextualizados. Selección e representatividade da mostra en casos sinxelos.</li> <li>- Presentación de datos relevantes para dar resposta a cuestións expostas en investigacións estatísticas.</li> <li>- Obtención de conclusións razoables a partir dos resultados obtidos, co fin de emitir xuízos e de tomar decisións adecuadas en problemas contextualizados.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
12	Azar e probabilidade	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.4 - Recoñecer patróns, organizar datos e descompoñer un problema en partes máis simples facilitando a súa interpretación computacional.	Recoñece as principais agrupacións e recontos de elementos de combinatoria.	PE	100
CA5.1 - Investigar conxecturas sinxelas de forma autónoma analizando patróns, propiedades e relacións.	Investiga conxecturas en experimentos aleatorios a través de experiencias sinxelas.		
CA5.3 - Modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz interpretando e modificando algoritmos.	Calcula probabilidades de sucesos empregando as propiedades da probabilidade e a regra de Laplace.		
CA5.5 - Identificar conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias recoñecendo a achega das matemáticas ao progreso da humanidade.	Identifica a probabilidade experimental coa frecuencia relativa dun suceso e recoñece a súa utilidade en avances científicos e sociais.		
CA5.7 - Comunicar información utilizando a linguaxe matemática apropiada, para describir, explicar e xustificar razoamentos, procedementos e conclusións.	Comunica a súa interpretación da probabilidade utilizando a linguaxe asociada á incerteza de experimentos aleatorios.		
CA5.8 - Recoñecer e empregar con precisión e rigor a linguaxe matemática presente na vida cotiá.	Recoñece e emprega con precisión os conceptos de fenómenos deterministas, fenómenos aleatorios, espazo mostral e suceso.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Cálculo.</li> <li>- Aplicación de estratexias variadas para facer recontos sistemáticos en situacións da vida cotiá. Introducción á combinatoria.</li> <li>- Incerteza.</li> <li>- Identificación de fenómenos deterministas e aleatorios. Espazo mostral e sucesos.</li> <li>- Interpretación da probabilidade como medida asociada á incerteza de experimentos aleatorios.</li> <li>- Asignación de probabilidades mediante a regra de Laplace.</li> <li>- Estudo das propiedades básicas da probabilidade e resolución de problemas contextualizados.</li> <li>- Planificación e realización de experiencias sinxelas para analizar o comportamento de fenómenos aleatorios.</li> <li>- Asignación de probabilidades a partir dos resultados dun experimento aleatorio. Frecuencia relativa e probabilidade.</li> <li>- Papel do cálculo de probabilidades en distintos avances científicos e sociais.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
13	Matemáticas para a vida en sociedade	8

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA6.1 - Recoñecer a achega das matemáticas ao progreso da humanidade e a súa contribución á superación dos retos que demanda a sociedade actual.	Recoñece a achega das matemáticas ao progreso da humanidade e a súa contribución á superación dos retos que demanda a sociedade actual.	TI	100
CA6.2 - Xestionar as emocións propias e desenvolver o autoconcepto matemático como ferramenta para xerar expectativas positivas ante novos retos matemáticos.	Xestiona as emocións propias e desenvolve o autoconcepto matemático como ferramenta para xerar expectativas positivas ante novos retos matemáticos.		
CA6.3 - Mostrar unha actitude positiva e perseverante, aceptando a crítica razoada ao facer fronte ás diferentes situacións de aprendizaxe das matemáticas.	Mostra unha actitude positiva e perseverante, aceptando a crítica razoada ao facer fronte ás diferentes situacións de aprendizaxe das matemáticas.		
CA6.4 - Colaborar activamente no traballo en equipo, respectando diferentes opinións, comunicándose de maneira efectiva, pensando de forma crítica e creativa e tomando decisións e xuízos informados.	Colabora activamente no traballo en equipo, respectando diferentes opinións, comunicándose de maneira efectiva, pensando de forma crítica e creativa e tomando decisións e xuízos informados.		
CA6.5 - Participar na repartición de tarefas que deban desenvolverse en equipo, achegando valor, favorecendo a inclusión e a escoita activa, asumindo o rol asignado e responsabilizándose da propia contribución ao equipo.	Participa na repartición de tarefas que deban desenvolverse en equipo, favorecendo a inclusión e a escoita activa, asumindo o rol asignado e responsabilizándose da propia contribución ao equipo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Crenzas, actitudes e emocións.</li> <li>- Fomento da curiosidade, da iniciativa, da perseveranza e da resiliencia cara á aprendizaxe das matemáticas.</li> <li>- Recoñecemento das emocións que interveñen na aprendizaxe como a autoconciencia e a autorregulación.</li> <li>- Desenvolvemento da flexibilidade cognitiva para aceptar un cambio de estratexia cando sexa necesario e transformar o erro nunha oportunidade de aprendizaxe.</li> <li>- Traballo en equipo e toma de decisións.</li> <li>- Técnicas cooperativas para optimizar o traballo en equipo e compartir e construír coñecemento matemático.</li> <li>- Condutas empáticas e estratexias de xestión de conflito.</li> <li>- Inclusión, respecto e diversidade.</li> <li>- Promoción de actitudes inclusivas e aceptación da diversidade presente na aula e na sociedade.</li> <li>- Recoñecemento da contribución das matemáticas ao desenvolvemento dos distintos ámbitos do coñecemento humano desde unha perspectiva de xénero.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía debe favorecer nos estudantes a capacidade para aprender por eles mesmos, a traballar en equipo e a poder relacionar os aspectos teóricos da materia coas súas aplicacións prácticas na sociedade. Por iso é importante utilizar unha metodoloxía que desenvolva aprendizaxes significativas.

As liñas metodolóxicas para conseguilo se poden sintetizar nos seguintes puntos:

- a. Partirase do nivel do alumnado, para construír a partir de aí, outras aprendizaxes que favorezan e melloren o seu rendemento.
- b. A metodoloxía adaptarase ás características de cada alumno e alumna, atendendo a súa diversidade. Favorecerá a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo e para traballar en equipo, e atenderá ós diferentes ritmos de aprendizaxe.
- c. No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dunha alumna ou dun alumno non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, con especial seguimento da situación do alumnado con necesidades educativas especiais, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.
- d. A agrupación do alumnado na aula poderá ser variable e flexible, en función das actividades que se vaian a realizar, sen desprezar por iso o traballo persoal e individualizado.
- e. Darase prioridade á comprensión dos contidos fronte á aprendizaxe mecánica ou memorística.
- f. Propiciaranse oportunidades para que o alumnado poida por en práctica os novos coñecementos, de modo que poidan comprobar a utilidade do aprendido e saiban aplicalo noutros contextos.
- g. A actividade educativa procurará dar unha formación personalizada, fomentará a participación, asegurará unha efectiva igualdade entre o alumnado e promoverá a relación co entorno.
- h. Fomentarse, de acordo coas competencias básicas, a reflexión persoal sobre o realizado e a elaboración de conclusións con respecto ó que se aprendeu; desta forma, os alumnos/as analizarán o seu progreso respecto ós seus coñecementos.
- i. Os recursos dixitais estarán presentes no desenvolvemento de todas as unidades. A aula virtual estará actualizada en todo momento con recursos que permitan ó alumnado estar informado de todo o que se traballa na aula.

O expresado anteriormente traducirase na aula desenvolvendo as unidades de acordo co seguinte esquema de traballo:

- \* Introducción á unidade de traballo co fin de motivar ó alumnado.
- \* Exposición por parte do profesorado dos contidos que se van traballar, co fin de proporcionar unha visión global da unidade que axude ó alumnado a familiarizarse co tema.
- \* Análise dos coñecementos previos do alumnado.

A través dunha serie de preguntas iniciais en cada unidade, o profesorado realizará unha avaliación preliminar dos coñecementos de partida dos alumnos e alumnas. Así, o alumnado entrará en contacto co tema e o profesorado identificará os coñecementos previos que teña cada grupo, co que porá introducir as modificacións necesarias para atender as diferenzas e, sobre todo, para previlas.

- \* Exposición de contidos e desenvolvemento da unidade.

O profesorado desenvolverá os contidos esenciais da unidade, mantendo o interese e fomentando a participación do alumnado. Cando o estime oportuno, e en función dos intereses, demandas, necesidades e expectativas dos alumnos, poderá organizar o tratamento de determinados contidos de forma agrupada, ou reestrutúralos, de maneira que lles facilite a realización de aprendizaxes significativas.

- \* Traballo individual dos alumnos/as realizando as actividades propostas.

O alumnado realizará distintos tipos de actividades, para asimilar e reforzar o aprendido. Estas actividades sucédense no desenvolvemento dos contidos, afianzando os conceptos principais e a xeneralización dos mesmos. Todo iso realizado baixo a supervisión persoal do profesorado, que analizará as dificultades e orientará e proporcionará as axudas necesarias.

- \* Traballo en pequenos grupos para fomentar o traballo cooperativo.
- \* Técnicas e estratexias en Matemáticas.

Presentación das principais destrezas e actitudes que permiten ó alumnado razoar matematicamente, comprender argumentacións matemáticas, así como expresarse e comunicarse na propia linguaxe matemática, utilizando as ferramentas adecuadas e integrando o coñecemento matemático con outros tipos de coñecemento en diferentes campos ou en situacións da vida cotiá. Tamén aprenderán a utilizar novas tecnoloxías (calculadoras, aplicacións

informáticas¿) para ilustrar e resolver problemas relacionados cos contidos da unidade.

En relación co apartado c: as medidas adoptadas cando o alumnado que, sin ser de necesidades educativas especiais, non obteña un resultado satisfactorio nas avaliacións serán: informar ó alumnado e as súas familias do material de reforzo que teñen a súa disposición na aula virtual e da data na que serán avaliados de novo (proba de recuperación). O profesorado está dispoñible para resolver todo tipo de dúbidas tanto da materia como no referente ós instrumentos que se usen para a avaliación.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto (editorial McGrawHill)
Libros dixitais
Cadernos e fichas de actividades de reforzo e de ampliación.
Recursos do espazo Abalar, proxecto Descartes e doutras páxinas web. (videos explicativos,...)
Materiais manipulativos (para o traballo da xeometría, por exemplo)
Software específico e aplicacións web (uso de Geogebra, por exemplo)
Dotación da aula (encerado dixital, pupitres, encerado,ordenador,...)
Calculadora, ordenador, pizarras dixitais para poder impartir a materia a distancia.
Ferramentas audiovisuais: Webex, falemos, Zoom, Bigbluebutton, ..

O desenvolvemento das clases terá lugar fundamentalmente nunha aula convenientemente equipada con encerado dixital e encerado tradicional no que o alumnado disporá de pupitres individuais que facilitarán a mobilidade para a realización de traballos en equipo.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial lévase a cabo ao comezo do curso e ao comezo de cada unidade. A súa función é coñecer o lugar de partida dos diferentes contidos a tratar no desenvolvemento deste curso e de cada unidade. Esta avaliación inicial poderá realizarse de diversas maneiras a través dunha proba escrita, dunha tarefa desenvolta na aula ou do traballo realizado en unidades previas. Será o punto de partida para o tratamento dos contidos e para prever a necesidade de adaptacións ou a programación de actividades de reforzo ou ampliación, se fose necesario.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>8</b>	<b>8</b>	<b>8</b>	<b>8</b>	<b>8</b>	<b>7</b>	<b>7</b>	<b>7</b>	<b>7</b>	<b>8</b>
<b>Proba escrita</b>	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100
<b>Táboa de indicadores</b>	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	UD 13	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>7</b>	<b>7</b>	<b>10</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	100	100	0	<b>90</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	0	0	100	<b>10</b>

#### **Criterios de cualificación:**

A cualificación de cada avaliación obtérase de acordo coa información recollida a partires dos distintos instrumentos de avaliación. Con eles farase unha valoración global do alumno e da súa aprendizaxe.

Nas avaliacións realizaranse como mínimo dúas probas escritas.

**NOTA DA AVALIACIÓN:**

A nota das probas escritas será a media ponderada respecto ós pesos das unidades didácticas avaliadas en cada unha delas.

A nota obtida das probas escritas será un 90% da cualificación global.

O 10% restante obtérase das táboas de indicadores nas que serán avaliados os criterios de avaliación correspondentes á unidade 13 que estarán asociados a rúbricas e listas de cotexo cos que se avaliarán:

- Os traballos propostos (individuais ou cooperativos)
- As actividades de consolidación, reforzo ou ampliación que se propoñan
- Atención, interese e participación, é dicir, a aptitude ante a materia.
- Traballo na casa: fai os deberes con regularidade e entrega os traballos nos prazos previstos.
- Traballo na clase: atende, fai as tarefas encomendadas, participa na clase...
- Aptitude ante o traballo: respecto polos demais, colaboración co grupo

**AVALIACIÓN FINAL**

**CUALIFICACIÓN FINAL**

O calculo da cualificación final farase do seguinte xeito:

**NOTA FINAL =** Media ponderada das tres avaliacións.

O alumnado avaliado negativamente realizará unha proba de recuperación final.

#### **Criterios de recuperación:**

**RECUPERACIÓN PARCIAIS**

Terán que facer estas recuperacións, aqueles alumnos ou alumnas que non acadasen unha cualificación igual ou superior a 5 na avaliación parcial correspondente. Tras cada unha das avaliacións 1ª e 2ª realizarase unha proba de recuperación.

Se a nota obtida na recuperación é superior á nota da avaliación esa será a nota da avaliación do alumno a todos os efectos.

**PROBA DE RECUPERACIÓN FINAL**

O alumnado que obteña unha nota inferior a cinco no cálculo da súa cualificación final realizará unha proba de recuperación final na que cada alumno/a se examinará das avaliacións que teña pendentes.

### 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O plan de recuperación do Departamento consistirá en:

- Informar ó alumnado, durante o mes de outubro ou novembro, das características deste plan, que contemplará os contidos mínimos impartidos no curso anterior.
- Facilitar material complementario de repaso dos contidos da materia pendente, fundamentalmente boletíns de exercicios e problemas. Estes boletíns deberan ser entregadas resoltos polo alumnado antes de cada proba.
- O tipo de actividades dos boletíns serán a referencia dos que aparezan nas probas escritas.
- Fixar con antelación suficiente -polo menos dúas semanas- as datas das probas escritas. Estas non deben coincidir co período de avaliación ordinario.
- O profesorado do curso de referencia, atenderá as dúbidas do alumnado.

Os instrumentos de avaliación a utilizar son dúas probas escritas. Os contidos impartidos no curso anterior repártense proporcionalmente entre esas dúas probas parciais.

A nota final será a media ponderada de ambas. A materia pendente queda superada se a media é maior ou igual a 5.

O alumnado que teña avaliación negativa deberá realizar unha proba final no mes de maio no que se examinará da parte ou partes non superadas durante o curso.

## 6. Medidas de atención á diversidade

A educación no ensino obrigatorio cumpre a función de ofrecer á totalidade da poboación as mesmas oportunidades de formación e as mesmas experiencias educativas, con independencia das súas características individuais e sociais. Esta educación comprensiva debe ser compatible coa atención á diversidade de intereses, motivacións e aptitudes do alumnado.

Aínda que unha gran parte dos estudantes non requiren unha atención especial durante a súa escolarización, o feito é que nalgúns ocasións o entorno social e cultural, as formas de aprender, os ritmos de aprendizaxe e de traballo, a motivación, a capacidade intelectual, a capacidade de dispersión, a madurez, a diversidade cultural, a incorporación tardía ao sistema educativo, o nivel sociocultura e a historia familiar e escolar coloca a algúns alumnos e alumnas nunha situación que demanda axudas pedagóxicas especiais. Para este alumnado o importante é que progrese e consiga os obxectivos xerais da etapa co maior grao posible de participación nas actividades do grupo clase.

As normas xerais de actuación nestes casos son:

- En relación ó desenvolvemento persoal e social evítanse as comparacións descualificadoras dos alumnos tanto sexan polas súas dificultades ou polas súas diferencias.
- En relación co desenvolvemento intelectual aténdese á diversidade, na maioría do alumnado, coa realización de actividades de reforzo e actividades de ampliación e afondamento. Naqueles casos nos que o alumnado precise dun maior reforzo educativo ou da necesidade de adaptacións curriculares, dependendo da dispoñibilidade do Departamento de Orientación, pode ter unhas horas semanais de apoio co profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica.
- En relación á interacción entre iguais, a nosa actuación pasa por fomentar as relacións de aceptación, axuda mutua, cooperación e respecto polas diferencias, tan importantes para que o alumnado que teña dificultade na aprendizaxe non se sinta rexeitado polos seus compañeiros e desmotivado polos temas escolares. O mellor medio para logralo é a través dun contexto de actividades cooperativas nas que se creen relacións de interdependencia entre os alumnos. No marco de estes grupos é máis doado prestar unha axuda máis personalizada para fomentar a adquisición das habilidades necesarias para beneficiarse do traballo e da relación cos seus iguais.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión da lectura e expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A comunicación audiovisual e a competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - O emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - O fomento do espírito crítico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - A educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - A igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - A creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a saúde	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - A formación estética	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13
ET.1 - Comprensión da lectura e expresión oral e escrita	X	X	X	X	X
ET.2 - A comunicación audiovisual e a competencia dixital	X	X	X	X	X
ET.3 - O emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X
ET.4 - O fomento do espírito crítico	X	X	X	X	X
ET.5 - A educación emocional e en valores	X	X	X	X	X
ET.6 - A igualdade de xénero	X	X	X	X	X
ET.7 - A creatividade	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a saúde	X	X	X	X	X



	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13
ET.9 - A formación estética	X	X	X	X	X
ET.10 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable	X	X	X	X	X

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Semana mundial da matemáticas (marzo)	levaranse a cabo actividades relacionadas co número Pi e o número áureo, ademais de un concurso de fotografía matemática		X	
Matemáticas na rúa	realizase unha actividade na cidade (Ourense); Resolución de problemas plantexados na aplicación MathCityMap.		X	
Feira matemática	Realízase unha feira matemática nos colexios adscritos ó Centro. O alumnado do noso Centro realizará e explicará diversas actividades (talleres matemáticos).	X		
Papiroflexia	Talleres de papiroflexia no Centro	X		

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Idoneidade das actividades propostas para acadar as aprendizaxes
Metodoloxía empregada
Ofrecemento ao alumnado de forma rápida do resultado das probas
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Incorporación das novas tecnoloxías ao proceso de ensino-aprendizaxe de maneira efectiva
Medidas de atención á diversidade
Adecuación do nivel de dificultade ás características do alumnado. Facilitación do proceso de visualización, revisión e integración dos erros cometidos por parte do alumnado
Adecuación dos diferentes procedementos e instrumentos de avaliación son eficaces
Facilitación a cada alumna/o a axuda individualizada que precisa
Atención adecuada á diversidade do alumnado

Clima de traballo na aula
Combinación do traballo individual e en equipo de xeito eficiente
Participación activa de todo o alumnado
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Información do proceso de ensino-aprendizaxe ao alumnado, persoa titora e familias
Implicación do profesorado nas funcións de tutoría e orientación
Comunicación apropiada coa familia por parte de profesorado

**Descrición:**

Ademais da avaliación das aprendizaxes do alumnado tal e como nos indica o decreto 156/2022 no seu artigo 24.4 (CAPÍTULO IV) hai que avaliar "os procesos de ensino" e a propia "práctica docente", para o que se establecerán "indicadores de logro". Estes indicadores de logro establecidos valoraranse en catro niveis do xeito que segue: excelente/conseguido/mellorable/non acadado.

**8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

O procedemento de revisión e avaliación da programación didáctica será realizada polas persoas docentes implicadas no desenvolvemento da materia deste curso. Analizaranse fundamentalmente adecuación da secuenciación e da temporalización, o logro dos mínimos de consecución establecidos para os diferentes criterios de avaliación e a adecuación dos procedementos de recuperación establecidos para as diferentes avaliacións, no período entre a avaliación ordinaria e a avaliación extraordinaria e para o alumnado con materias pendentes.

**9. Outros apartados**